



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL E TRANSPARENCIA

Ao Pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O dereito de veciños e veciñas a participar na toma de decisións no ámbito local, ao acceso á información e á participación no funcionamento das institucións constitúe un dos eixos principais dunha sociedade democrática. A institución municipal é a administración máis próxima ao/á cidadán/á e, polo tanto, debe incidir de maneira especial en preservar o exercicio deste dereito. Promover, facilitar e canalizar a participación veciñal, así como a eficacia e a transparencia na xestión debe ser unha das súas principais motivacións.

Os artigos 251 a 257 do capítulo V e os artigos 69 a 72 do capítulo I da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 4.1 a) e capítulo IV do título V da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local afondan nas posibilidades reguladoras dos concellos nos ámbitos da participación veciñal. **É precisamente no eido local onde é máis factible evolucionar da democracia representativa á democracia participativa.** Os concellos deben dispoñer as vías administrativas necesarias para que poida ser efectiva a participación tanto individual como a colectiva por medio de entidades, asociacións e outras organizacións veciñais.

A transparencia na xestión e a promoción activa da participación deben ser os dous principios que inspiren esta normativa. Do xeito que mellor proceda en concordancia coas normativas superiores vixentes, este regulamento debe perseguir, cando menos, os seguintes obxectivos:

- Facilitar o acceso á información de toda actividade municipal
- Promover activamente a participación de veciños/as e entidades sociais debidamente inscritas
- Fomentar o tecido asociativo do municipio
- Achegar a xestión municipal aos/ás veciños/as
- Informar sobre os grandes asuntos municipais (orxamentos, urbanismo, ordenanzas, programación cultural, etc.)



- Garantir os dereitos cidadáns no referido a:
 - o Tramitacións
 - o expedientes do seu interese
 - o convocatorias
 - o atención en galego
 - o orientación sobre requisitos, alegacións, etc
 - o esixir responsabilidades aos membros da Corporación Local
 - o presentar queixas e suxestións por escrito e obter resposta.
- Difundir convocatorias e actas plenarias

Este regulamento de Transparencia e participación veciñal, en consecuencia co anteriormente exposto, debera conter para o seu desenvolvemento as seguintes medidas:

- Incluír a posibilidade de que o Presidente das Comisións Informativas poida convidar ás mesmas, malia non seren estas públicas, a persoas ou colectivos que considere interesados nalgún dos asuntos a tratar
- Regular a participación veciñal nas sesións plenarias. Artellar a inclusión nas actas da sesión daquelas intervencións que previamente fosen solicitadas e autorizadas pola Alcaldía (en acordo coa Xunta de Voceiros/as) para a exposición dun asunto concreto, ben sexa a título particular ou en representación dunha entidade.
- Articular as medidas necesarias para dotar da máxima difusión as convocatorias e ordes do día dos plenos, contando coa exposición pertinente tanto no taboleiro municipal como na web do Concello. Envío das mesmas a asociacións, entidades e colectivos veciñais mediante correo electrónico ou medio alternativo que se dispoña
- Establecer a creación de Mesas Locais Sectoriais (comercio, cultura, educación, emprego, sanidade, etc.) con regulamentos aprobados polo Pleno.
- Regular a iniciativa veciñal, incluíndo a posibilidade de que calquera veciño/a ou entidade poida promover propostas para incluír na orde do días dos plenos (estipulando os requisitos para a súa presentación)
- Garantir a participación veciñal na elaboración dos orzamentos, reservando unha contía a tal fin, baixo a forma legal e xurídica oportuna.
- Creación e regulamento dos Consellos Parroquiais, órganos consultivos de cada unha das parroquias con capacidade para informar nos asuntos de interese dos seus ámbitos territoriais
- Articular alternativas de descentralización da administración local que posibiliten que, cunha periodicidade determinada, un/unha ou varios representantes do Concello se despracen a cada parroquia para atender aos veciños/as e solventar dúbidas relativas a expedientes do seu interese. Estará debidamente anunciado e será nun local acondicionado.



- Potenciación e fomento do uso de novas tecnoloxías da información e a comunicación. A web municipal permitirá, cando menos:
 - o Facilitar e simplificar ao máximo as xestións coa Administración Local
 - o Mellorar a transparencia e incorporar á rede toda información de carácter público que se xere.

Estes preceptos fan parte do que entendemos que sería un regulamento completo encamiñado a fomentar a participación, mellorar a transparencia e achegar a xestión pública aos veciños/as.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación adopta o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao Goberno Municipal do Concello de Cuntis a elaborar un Regulamento de Participación Veciñal e Transparencia que recolla as medidas citadas a fin de cumprir os obxectivos anteriormente expostos.

Cuntis, 12 de setembro de 2018

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López